



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes
Expediente: 2021000049725

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACEPTA A RENUNCIA DE DAVID GÓMEZ CARNOTA Á BOLSA DE INVESTIGACIÓN DO ANO 2022 - ÁREA DE CIENCIAS, E ADXUDÍCASE A CARLA LORENZO FOJÓN

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

A resolución número 34793 do 11/08/2022, aprobou a concesión definitiva das bolsas de investigación 2022 - Área de Ciencias.

O 01/12/2022 David Gómez Carnota presentou un escrito renunciando á bolsa polo que propónse a adxudicación ao primeiro suplente, David Vázquez García, a quen se lle require para que presente un escrito aceptando a bolsa e declarando que non está incurso en causa de incompatibilidade, ou noutro caso, renunciando á bolsa. No prazo concedido non presentou a documentación requirida polo que considerase que desiste da súa petición.

Con data 06/01/2023 requíreselle a documentación á seguinte suplente, Maria Roo Calvo. No prazo concedido non presentou a documentación requirida polo que considerase que desiste da súa petición.

Con data 17/01/2022 requíreselle a documentación á terceira suplente, Carla Lorenzo Fojón, quen presenta a aceptación da bolsa e a declaración de no estar incurso en causa de incompatibilidade.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

Primeiro.- Aceptar a renuncia de David Gómez Carnota á Bolsa de investigación do ano 2022 – Área de Ciencias(BINV-CC/2022) por importe de 10.000,00 €.

Segundo.- Declarar a desistencia das solicitudes de David Vázquez García e Maria Roo Calvo por non presentar a documentación requirida en prazo.

Terceiro.- Conceder definitivamente as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: COLCHÓN PIERNA , ESTHER

NIF: ***8301**

Expediente: 2022000013490

Título do proxecto obxecto da bolsa: *Novos inhibidores dos enzimas β Lactamasas e da biosíntese do lípido a para o tratamento das súper bacterias*

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: ESCOBAR ORTEGA, DANIEL

NIF: ***8066**

Expediente: 2022000021514

Título do proxecto obxecto da bolsa: *Identificación taxonómica dos exemplares de miñoca de tubo explotados en Galicia*

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: GÓMEZ OJEA, REBECA

NIF: ***6989**

Expediente: 2022000021275

Título do proxecto obxecto da bolsa: *Incorporación de fluoróforos no deseño de péptidos anfifílicos con propiedades de internalización celular para o desenvolvemento de aplicacións en química biolóxica*

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: LORENZO FOJÓN , CARLA

NIF:***9203**

Expediente: 2022000021120

Título do proxecto obxecto da bolsa: *Deseño e Preparación de Novos Sensores Moleculares de uso Medioambiental*

Importe da bolsa:10.000 €

Cuarto.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, para o cal deberán realizarse os seguintes apuntes contables:

- Contabilizar o AD/ de anulación, número de operación 220220040468 , aplicación orzamentaria 0612/3262/481, por importe de 10.000,00 €, a nome de e David Gómez Carnota .

- Unha vez realizada a operación anterior, deberá contabilizarse a adxudicación definitiva da bolsa a nome de Carla Lorenzo Fojón . O gasto imputarase ao documento contable "RC" núm. de operación 220220002521 da aplicación orzamentaria 0612/3262/481, por importe de 10.000,00 €

Quinto.- Nomear suplentes ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Suplente 1: Pérez Couto, Xavier

Suplente 2: Mejuto Vázquez, Sergio

Suplente 3: Rilo Martínez, Marta

Suplente 4: Martínez Granda, Eduardo

Sexto.- Publicar a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.